

Tarefas de recuperación da primeira avaliación:

A tarefa consistirá en responder a cuestión plantexada sobre os contidos impartidos na primeira avaliación. Para a realización utilizaranse como fonte **SOAMENTE** os apuntamentos da Aula virtual e as notas tomadas durante a primeira avaliación. A data límite será o **venres 1 de maio**. A extensión máxima son dúas follas a letra 12, entreliñado 1,5. Serán enviadas as tarefas en formato PDF ao meu correo.

Todas aquelas respostas que non empreguen unicamente os apuntamentos da aula e da Aula virtual e se baseen en información atopada en internet serán cualificadas como insuficiente.

Forma de puntuar (rúbrica).

Sobresaínte (9-10): Responde de xeito preciso a cuestión proposta. Identifica dun xeito claro e preciso o proceso histórico referido na cuestión e expón dun xeito moi preciso o seu desenvolvemento e a súa importancia. Emprega o vocabulario histórico de maneira correcta. Ademais a redacción é clara e se nota que a elaboración do escrito é persoal.

Notable (7-8): Responde de xeito preciso a cuestión proposta. Identifica dun xeito claro o proceso histórico referido na cuestión e expón o seu desenvolvemento e a súa importancia. Emprega o vocabulario histórico de maneira correcta. Nótase que a elaboración do texto é propia.

Ben (6): Responde a cuestión proposta. Identifica o proceso histórico referido na cuestión e expón o seu desenvolvemento. Emprega superficialmente o vocabulario histórico. Nótase que a elaboración do texto é propia.

Suficiente (5): Responde superficialmente a cuestión proposta. Identifica o proceso histórico referido na cuestión e expón o seu desenvolvemento dun xeito superficial. Emprega moi superficialmente o vocabulario histórico. Nótase que a elaboración do texto é propia.

Insuficiente (0-5): Non responde a cuestión proposta. Non identifica o proceso histórico referido na cuestión e/ou non expón o seu desenvolvemento. Non emprega o vocabulario histórico. Nótase que a elaboración do texto non é propia.

Proposta de exercicios:

Claudia A. Explica as diferencias entre as diferentes teorías sobre o concepto de soberanía do absolutismo, da ilustración e do liberalismo empregando os autores estudados.

Lucía A. Contextualiza o liberalismo económico e expón as diferencias entre os autores estudados.

Marta B. Explica porque consideramos a Revolución agraria como unha causa necesaria para a revolución industrial.

Santiago B. Explica as semellanzas e as diferencias entre o liberalismo doutrinario e o democrático.

Alicia B. A que foi debido que a Revolución industrial se producira en Reino Unido?

Manuel C. Fai unha análise comparativa entre a primeira e segunda revolución industrial.

Laura C. Explica as innovación dos procesos produtivos e de concentración financeira na Segunda revolución industrial.

Gonzalo C. Explica que elementos da revolución industrial permitiron a transición ao Réxime demográfico moderno.

Martina C. Expón dun xeito claro a relación entre a Crise de 1873 e a Segunda revolución industrial.

Pablo D. Explica a evolución do pensamento anarquista e a súa relación coa Revolución industrial en función principalmente das diferencias entre as diferentes correntes.

Pablo G. Explica o concepto de alienación en Marx, a súa relación coa revolución industrial e a estratexia do marxismo para superalo.

Manuel G. Explica a diferenza entre os postulados de Bernstein e os de Marx e Engels e o seu contexto histórico.

Pablo L. Que relación existe entre a Revolución americana e o liberalismo?

Claudia L. Explica a relación da Revolución americana, da Guerra dos 7 anos e da crise agraria de finais do século XVIII en Francia coa Revolución francesa.

Ángela L. Que relación existe entre o sistema de votación nos Estados Xerais e a formación da Asemblea constituínte de 1789.

Diego M. Explica claramente que elementos da Revolución francesa de 1789 se manteñen e cales desaparecen tralo 18 brumario.

Carlos M. Fai unha análise comparativa (histórica, política e social) entre os xirondinos e os xacobinos.

Brais M. Cales son as semellanzas entre a Revolución americana e a Revolución francesa.

Sofía M. Explica a relación entre o Congreso de Viena e as vagas liberais.

Juan P. Fai unha análise comparativa entre os tres tipos de nacionalismo nados no s. XIX.

Xulia R. Cales son as similitudes entre o proceso de unificación alemán e o italiano.

Ángel S. Cales son as diferencias entre o proceso de unificación alemán e o italiano.

Pablo Alonso de Vega.

Departamento de Xeografía e Historia.

20 de abril de 2020.

